

REQUISITOS E MÉRITOS PARA AS AXUDAS DO PROGRAMA DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL



AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN



REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS PROPOSTAS

De obrigado cumprimento

- a) Ter nacionalidade dun Estado membro da UE (haberá unha reserva de prazas para persoas non comunitarias)
- b) Estar matriculadas nun programa oficial de doutoramento dunha universidade do SUG para o curso 2025/26
- c) Data de finalización dos estudos de grao ou equivalentes **≥ 1 de xaneiro de 2022**
- d) Nota media do expediente académico **≥ 7,5 puntos** (ou **≥ 7 para a rama de coñecemento de Enxeñaría e Arquitectura**). No caso de ter recoñecida unha **discapacidade ≥ 33%**, esta nota será **≥ 6,5 puntos**
 - Esta nota, aproximada a catro decimais, formará parte da valoración e multiplicarase por 6,5. Poderá recibir unha puntuación **máxima de 65 puntos**.

As epígrafes b), c) e d) serán acreditadas mediante o formulario Anexo V, asinado pola persoa titular da vicerreitoría de investigación da universidade do programa de doutoramento no que está matriculada a persoa candidata ou persoa na que delegue

MÉRITOS PUNTUABLES DAS PERSOAS CANDIDATAS PROPOSTAS

De NON obrigado cumprimento

- A adecuación do proxecto de investigación a un reto, prioridade e ámbito de priorización da RIS3 Galicia 2021-2027: **máximo 9 puntos**
 - A adecuación do proxecto será valorada pola Área de Estratexias e Programas da Axencia Galega de Innovación, que emitirá un informe cos resultados.
- Nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas: **máximo 7 puntos**
 - Poderán sumarse as puntuacións correspondentes a varios certificados de linguas diferentes, pero non se acumularán as puntuacións de diferente nivel dunha mesma lingua, co máximo de 7 puntos.
- Acreditación de ter concedida unha bolsa de colaboración nun departamento universitario do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes: **máximo 4 puntos**

MÉRITOS PUNTUABLES DAS PERSOAS DESIGNADAS PARA DIRIXIR OU CODIRIXIR A TESE DE DOUTORAMENTO

De NON obrigado cumprimento

Puntuación máxima de 15 puntos:

- No caso de solicitudes presentadas por unha universidade do SUG:
 - Pertenza a un grupo con potencial de crecemento que contara con financiamento nalgunha das convocatorias de 2022 a 2025: **5 puntos**
 - Pertenza a un grupo de referencia competitiva que contara con financiamento nalgunha das convocatorias de 2022 a 2025: **10 puntos**
 - Pertenza a un centro colaborativo recoñecido pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no ano 2025: **11 puntos**
 - Pertenza a un equipo de investigación dirixido por persoal investigador baixo a modalidade de investigador distinguido contratado pola Axencia Galega de Innovación (programa Oportunius); ou a un equipo de investigación do que forme parte unha persoa investigadora beneficiaria dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC): **12 puntos**
 - Pertenza a un centro de investigación con acreditación de excelencia vixente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a unha Unidade de Excelencia María de Maeztu ou a un centro de excelencia Severo Ochoa radicados en Galicia e con axuda vixente: **15 puntos**
 - Por estar adscrita a un Campus de Especialización acreditado pola Xunta de Galicia concederanse **2 puntos a maiores dentro do máximo de 15 puntos**.
- No caso de solicitudes presentadas polas demais entidades indicadas no artigo 2.1:
 - Ter participado no desenvolvemento de proxectos concedidos pola Axencia Galega de Innovación para a realización de actividades de I+D+i entre os anos 2022 e 2025: **4,5 puntos**
 - Ter sido beneficiario de actividades financiadas pola Axencia Galega de Innovación entre os anos 2022 e 2025: **10,5 puntos**
 - Que forme parte do grupo de investigación unha persoa investigadora beneficiaria dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC): **10,5 puntos**
 - Ter sido a persoa investigadora principal dalgún proxecto concedido polo Plan nacional de I+D+i entre os anos 2022 e 2025. A entidade beneficiaria deste proxecto, ou proxectos, deberá ser a mesma que a entidade solicitante destas axudas: **12 puntos**
 - Ter participado no desenvolvemento dalgún proxecto concedido polo Programa marco de I+D da Unión Europea, entre os anos 2022 e 2025, no que a entidade solicitante participara en calidade de socio: **12 puntos**
 - Ter participado no desenvolvemento dalgún proxecto concedido polo Programa marco de I+D da Unión Europea, entre os anos 2022 e 2025, no que a entidade solicitante participara en calidade de líder: **15 puntos**

Importante: Só se terá en conta a puntuación acadada pola pertenza da persoa designada para dirixir ou codirixir a tese a unha estrutura grupal ou supragrupal universitaria ou de organismos de investigación alleos ao SUG, e só se valorará por unha das epígrafes, de xeito que non son acumulativas entre si.

A onde dirixirse

Para solicitudes de universidades do SUG:

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES
Teléfonos: 881995152 / 881995980
Email: promocioncientifica.educacion@xunta.gal
Información web: <http://www.edu.xunta.gal>

Para solicitudes de organismos públicos de investigación de Galicia, fundacións públicas de investigación sanitaria de Galicia e centros do CSIC radicados en Galicia:

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN
Teléfonos: 881999213 / 981543991
Email: axudas-rrhh-xestion.gain@xunta.gal
Información web: <http://gain.xunta.gal>